



**B**

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO  
ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO  
DO SON  
FAI SABER:**

**A**

Na Orde do 14 de setembro de 2022 (DOG nº 185 do 28/09/2022) establécense as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución das clases B,C e D á mocidade galega, dirixidas ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da C.A de Galicia, procedendo á súa convocatoria para o 2022 (código procedemento **BS321A**)

**Requisitos:**

**N**

- Ter cumpridos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención dos permisos de clase C e D, e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Estar empadroadas na CA de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- Estar inscritas no SNGX e figurar como beneficiarias no ámbito da CA de Galicia.

**D**

- Ter o/os permiso/s de conducir para o/os cales se solicita esta axuda con **data de expedición entre o 1 de decembro de 2021 e a data de presentación da solicitude.**

**Contía das axudas:**

- 400 € para a obtención do permiso de condución de clase B.
- 650 € para o permiso de clase C.
- 1.300 euros para o permiso de clase D.

**O**

O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención de dous ou dos tres permisos.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** Ata o 28 de outubro do 2022. As solicitudes presentaranse a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Información: **Dirección Xeral de Xuventude:** Teléfonos: 881 999 314 / 881 999 194 / 981 544 840 [xuventude.programas@xunta.gal](mailto:xuventude.programas@xunta.gal). O Alcalde

